

Mañá celébrase o Día Internacional Libre de Bolsas de Plástico

EROSKI EVITA A XERACIÓN DE 1.100 TONELADAS DE PLÁSTICO AO ANO

- Grazas ás súas accións en bolsas de liña de caixas, embalaxes de envasado en tenda e ecodeseño de envases de marca propia
- Durante o pasado ano culminou a eliminación das bolsas de plástico convencional dun só uso das súas tendas
- Ademais, recicla cada ano 3.000 toneladas de plástico

Elorrio, 2 de xullo do 2021.- [EROSKI](#) evitou a xeración de máis de 1.100 toneladas de plástico convencional dun só uso ao ano como resultado da súa redobrada aposta e compromiso pola redución deste material nas súas bolsas de caixa e mais nas súas embalaxes de envasado en tenda e nos seus envases de marca propia.

Estes aforros conseguíronse grazas a potenciar entre os seus clientes o uso de bolsas ou embalaxes reutilizables tanto nas caixas como nas seccións de frescos, e mais coa substitución das bolsas de plástico convencional dun só uso por alternativas en material compostable, reciclado ou papel certificado FSC®. Ademais, continúa avanzando na revisión dos seus envases de marca propia para que conteñan menos plástico e sexan facilmente reciclables.

"O noso é un compromiso histórico pola redución das bolsas de plástico que estendemos ao resto dos nosos envases. Estas decisións responden á nosa Política Ambiental e están aliñadas cos nosos 10 Compromisos pola Saúde e a Sustentabilidade. Grazas a isto e á responsabilidade dos nosos clientes obtemos reducións ano tras ano", declarou Alejandro Martínez Berriochoa, director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI.

A bolsa: compromiso histórico e pioneiro

EROSKI culminou o cambio na gama de bolsas de caixa a novas opcións en papel, bolsas con máis dun 55% de material reciclado ou bolsas compostables, que se suman ás opcións reutilizables de rafia ou tea dispoñibles.

A aposta pola redución do plástico comezou en 1997 coa incorporación de bolsas que se podían reutilizar ata en 15 ocasións e cun 40% máis de capacidade. No 2009 lanzou unha nova bolsa reutilizable e tomou a decisión de descontar un

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

céntimo de euro por cada bolsa de plástico non utilizada. *"Con esta medida premiabamos as persoas consumidoras que adoptaban hábitos de consumo ecoloxicamente máis responsables. A campaña foi ben acollida polos consumidores porque lles demos trasladado de xeito claro a necesidade de lle aforrar ao medio natural o problema das bolsas dende a máis absoluta transparencia"*, explica o director de Saúde e Sustentabilidade, Alejandro Martínez Berriochoa.

No 2010 EROSKI adiantouse 8 anos á normativa española sobre redución de bolsas de plástico e comezou a cobrar a bolsa dun só uso. Con esta medida reduciuse o seu consumo nun 60%. Dous anos máis tarde, EROSKI incorporou a primeira edición da súa bolsa reutilizable en tea que se prega de xeito sinxelo para levar no peto ou no compartimento do coche e que axunta medio ambiente e solidariedade, xa que todos os seus beneficios se destinan a causas solidarias.

No 2019 incorpora a bolsa de papel con certificado FSC®, a bolsa compostable de orixe renovable, que se pode reutilizar como bolsa de lixo para o residuo orgánico, e a bolsa reutilizable con máis dun 55% de material reciclado.

Ademais, EROSKI tamén incorporou cambios nas seccións de frescos, con bolsas compostables, sobres de papel e o uso de bandexas con máis dun 80% de plástico reciclado, amais de introducir mallas reutilizables. Isto permitiu reducir un 30% o plástico convencional utilizado para o envasado en tenda dende o 2018, superando así e un ano antes o obxectivo do sector de reducir o 21% antes do 2021.

Comprometida co ecodeseño e a economía circular

Nesa mesma liña EROSKI mantén o compromiso de ecodeseñar o 100% dos seus envases de marca propia antes do 2025 para reducir un 20% as toneladas de plástico convencional que comercializa e para lograr que sexan 100% reciclables, reutilizables ou compostables. Para iso, EROSKI analizou da man do Basque Ecodesign Center máis de 3.000 produtos de 400 provedores co obxectivo de calcular a súa pegada plástica e grao de reciclabilidade e de identificar accións de mellora para eles. Dende o 2018 xa ecodeseñou máis de 145 referencias e incrementou a venda de produtos por xunto.

"Apostamos claramente pola venda de produtos frescos por xunto. Así aproximadamente o 60% da nosa froita e verdura véndese sen envase e noutras

seccións a porcentaxe de produtos por xunto é aínda maior, como na peixería, onde supera o 85%", sostén Martínez Berriochoa.

Ademais, EROSKI está a culminar a eliminación de plásticos dun só uso, como palliñas, bastonciños ou vaixelas e a substitución de argolas en latas e botellas de refrescos da súa marca propia por outros envases colectivos fabricados con material reciclado ou cartón.

Adicionalmente á política tendente a evitar a xeración de plásticos e minimización dos residuos, EROSKI aplica unha xestión responsable dos que non se poden evitar, fomentando a reciclaxe e a reutilización, potenciando procesos de loxística inversa, dende as plataformas ata as tendas. Así, recicla arredor de 3.000 toneladas de material plástico cada ano.

Amais da xestión directa, EROSKI tamén fomenta a reciclaxe entre os seus clientes, incorporando información de como reciclar no envase e a través de iniciativas de formación ao consumidor como a Guía de Compra Sostible de CONSUMER EROSKI.